



## Boletín Sindical da CIG-Telefónica en Pontevedra

### Informe do pleno ordinario do Comité provincial do 11-02-2011

Salientamos o tratamento dos seguintes asuntos, como os máis importantes para o conxunto dos/das traballadores/as da provincia:

1. **Evidenciamos novamente que o Comité provincial nin defende aos/ás traballadores/as nin lle esixe á Empresa o respecto debido.** Telefónica fai cambios sen cumprir cos seus informes previos, nega información e paralisa algúns procesos en curso sen notificalos formalmente aos representantes dos/das traballadores/as. Nin o presidente nin o secretario do Comité actual, nin os sindicatos que os manteñen, lle cuestionan á empresa este comportamento, nin buscan apoio no resto de forzas sindicais para mudar a situación. Debido a iso, **o tratamento dalgúns temas moi importantes para os traballadores/as ven sendo inoperante e ineficaz.** Habería que mudar a relación de forzas e variar a representatividade nel, para non lexitimizar as tomaduras de pelo ao noso Comité, e por ende aos/ás traballadores/as de Pontevedra.

Incluímos neste pleno estes dous temas que serven como novos exemplos:

- **Regularización da antigüidade por sentenza xudicial**  
A Empresa négase a facilitarlle ao Comité o listado provincial de afectados/as na provincia e non da nin información do proceso, nin dos prazos que ten previsto seguir. Fixémoslle esta solicitude na reunión do 25 de xaneiro, e **mentras o Comité segue aínda hoxe sen resposta, ese mesmo día algúns dos/as traballadores/as afectados/as tiñan no e-domus as súas nóminas con conceptos de antigüidade recoñecidos**, e non explicados; poucos días despois, a empresa entregoulle a algúns encargados relación dos/as empregados/as afectados/as.  
Apróbase por unanimidade a proposta da CIG para dirixirnos por escrito á Empresa, reiterándonos na petición de información, máis concretamente: persoas xa regularizadas, importes e prazos previstos para os/as pendentes. Só deste xeito poderemos controlar sindicalmente a execución da sentenza do Conflicto Colectivo e evitar que queden sen recoñecer dereitos individuais.
- **FTTH (fibra ata o fogar)**  
A reestruturación de persoal de Asignación/Activación da que nos informara a Empresa nesa mesma reunión foi paralisada, e **o Comité aínda ignora qué se ten planificado sobre implantación da FTTH en Pontevedra**, o que é lamentábel. Mentras, a empresa dalle outra información os traballadores no centro de traballo. Aínda así, CCOO e UGT rexeitan manter a solicitude do Comité para pedir á Empresa informe sobre os prazos de execución, a previsión de plantel, as áreas e unidades afectadas e os plans de formación necesarios para asumir as distintas actividades de FTTH na nosa provincia.
- 2. **Sentenzas sobre despedimentos e sancións en 2008**  
Unha tras outra foron desestimándose nos Tribunais de Xustiza tódalas sancións e despedimentos aos/ás compañeiros/as represaliados nas mobilizacións da negociación do Convenio en 2008, con sentenzas xudiciais que acusan a

**Telefónica de actuar con mala fe e presentando cargos declarados falsos contra eses/as compañeiros/as.** Só resta resolver o recurso xudicial do único compañeiro aínda despedido.

Naquelas datas a maioría do noso Comité aprobara emitir un comunicado moi crítico con aquelas mobilizacións, acusando de violentos/as aos/ás compañeiros/as que rexeitaban o Convenio e admitindo as acusacións da Empresa.

**Presentamos proposta ao pleno para que o Comité rectifique aquel acordo, facendo público que as últimas sentenzas foron favorábeis aos anteriormente sancionados e despedidos,** e para proclamar a inocencia final destes/as compañeiros/as. Esixiríamos tamén a admisión inmediata do compañeiro aínda despedido.

A nosa iniciativa foi rexeitada. CCOO e UGT votaron en contra.

### **3. Despedimentos por absentismo en 2011**

En aplicación da Reforma Laboral aprobada en 2010, **Telefónica ten despedido recentemente a unha compañeira e un compañeiro, respectivamente, de Madrid e Barcelona, aludindo ao seu reiterado absentismo laboral por baixa médica.**

Na CIG convocáramos daquela folga xeral contra a Reforma laboral. Pensamos que debemos defender o dereito de todo/a traballador/a a manter o seu emprego, como dereito básico irrenunciábel. Non debemos permitir que se condene a ninguén á exclusión laboral e social, por ningún motivo.

Consensuamos proposta coa CGT ao pleno, e pedimos pronunciamento do Comité para:

- Esixir a retirada dos despedimentos.
- Esixir a participación do Comité Intercentros para axilizar a readmisión ou para articular medidas de presión contra a Empresa.
- Aprobar un calendario de asembleas de centro informativas e de valoración de alternativas.

É rexeitada por votación. **Informamos ao pleno de que a CIG contribuirá a defender o dereito ao emprego en Telefónica, e acordará ou apoiará tódalas iniciativas para esixir a retirada destes despedimentos coa readmisión inmediata dos compañeiros.**

Hai xa convocatoria de folga para o día 24, de xornada completa en Barna feita polo comité, e en Madrid, as provincias directamente afectadas. No resto das provincias mobilizarémonos cun paro de dúas horas o mesmo día, mentras reclamamos que o Comité Intercentros se poña á fronte das mobilizacións.

### **4. Formación**

Para rematar, sobre formación, **apróbbase por unanimidade a iniciativa da CIG para que o Comité pida formalmente á Empresa o listado provincial anual de horas de formación de cada traballador/a,** pois constatamos que hai disparidades moi grandes entre traballadores da mesma categoría e do mesmo centro de traballo, e non podemos toleralo.

**Estase discriminando a algúns compañeiros que non participaron, no exercicio do seu dereito, na entrevista persoal do Plano de Formación, que é voluntaria.** Seguiremos esixindo que [tod@s](mailto:todo@s) teñamos a formación necesaria en función da nosa categoría e tarefas, algo moi importante para o futuro profesional de cada quen; por iso deben reclamarse as discriminacións e exclusións e facerllo saber ao Comité.